

**ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE CARANZA
DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2016**

No salón de actos do Centro Cívico de Caranza, situado na Avenida de Castelao s/n, Ferrol, sendo as 19:50 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Caranza cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde. José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego e Normalización Lingüística.		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegá da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	106	Nº de homes:	48
		Nº de mulleres:	58

Desenvolvemento da sesión:

Iníciase a asemblea dando conta do sistema de votación e da presentación de candidaturas e subliñando que o dereito ao voto é individual das persoas empadroadas no barrio.

Toma a palabra Manuela Rodríguez García, candidata ao Consello da Veciñanza, para manifestar publicamente que neste momento retira a súa candidatura por non estar de acordo co sistema de elección proposto.

Iníciase a votación para a elección de cargos pechándose a mesma ás 20:05 horas, momento no que se inicia o escrutinio do que se dará conta ao final da asemblea.

Toma a palabra Olalla López para continuar co desenvolvemento da asemblea.

Pide facer uso da palabra María del Pilar Rodríguez Venancio, candidata á vicepresidencia da Asemblea de Barrio en representación de asociacións e como representante no Consello da Veciñanza. Inicia a súa intervención subliñando que presentou a súa candidatura porque non existía outra e porque entende que o barrio debe ter representación no Consello da Veciñanza. Manifesta que os problemas e os follóns non os xera a A.VV. e as tensións sempre parten do mesmo sitio. Agradece a confianza dos veciños e veciñas que a apoiaron e indica que ela se presentou para sacar o barrio adiante. Pide ao Alcalde que se conte cos veciños e veciñas na toma de decisións de investimento de cartos no barrio como, por exemplo, no mercado municipal.

A continuación toma a palabra Luz M^a González Lago, candidata a título individual para a vicepresidencia da Asemblea de Barrio e para o Consello da Veciñanza, quen manifesta que ela presentou a súa candidatura porque o barrio dá pena, e ,sobre todo, porque pensa que entre todos e todas pódese mellorar o barrio de Caranza, agardando que o Concello nos faga caso e nos axuden no que necesitamos.

De seguido, toma a palabra o Alcalde, que preside a asemblea, para dar as gracias a todos e a todas e subliña que todas as persoas teñen a mesma voz. Di que a participación cidadá non se cingue ao Regulamento de Participación Cidadá, o que debe existir é comunicación. Expón a necesidade de revisar o vixente Regulamento de Participación Cidadá, pois é moi ríxido, o que complica poder cumprilo, e entende que todo o mundo pode e debe participar nas decisións de en que se gastan os fondos públicos.

Toma a palabra o concelleiro delegado de Participación, Álvaro Montes, para indicar que nestas asembleas deben participar os membros do goberno para que así a cidadanía poida preguntarlle cousas das áreas dos que son responsables.

A continuación iníciáanse diversas intervencións que a modo de resumo podemos sintetizar nas seguintes:

Intervención 1: Toma a palabra un veciño do barrio (Ignacio Martínez) manifestando que non está de acordo co discurso de Pilar Rodríguez Venancio, pois entende que crispa aínda máis o ambiente e subliña que estes procesos son manipulables e que volve a suceder o que xa sucedeu hai catro anos.

Quéixase da escasa difusión da celebración da asemblea e, sobre todo, do escaso tempo previo á convocatoria, aínda que reconece que é consciente de que nesta ocasión houbo publicidade na radio e carteis no mercado.

Critica a falta dun regulamento de funcionamento da asemblea e da falta de democracia da mesma, pois o prazo de presentación de candidaturas resulta escaso e moita xente non se decatou agás aquela que se avisou previamente.

Por último, manifesta que non se pode apoiar as cuestións do barrio se non sabemos con suficiente antelación cando se celebrará a asemblea.

Intervención 2: Intervén unha veciña do barrio para lembrarlle aos asistentes que Caranza é un barrio loitador e que tivo problemas máis difíciles que os de hoxe en día. Lembra tamén que a convivencia é o maior problema que ten o barrio, subliñando que as entidades están para prestar un servizo. Non debemos pelexar entre uns e outros, lembrar que hai xente neste barrio que está a pasar fame, subliña que leva máis de 18 anos traballando co colectivo xitano e xamais veu un comportamento como este, remata a súa intervención pedindo respecto por enriba de todo.

Intervención 3: Intervén Luz María González Lago para indicar que xa hai tempo que se abriu

o tema das candidaturas e que ela xa estaba apuntada dende o mes de maio. Comparte a opinión da interveniente anterior e pide respecto entre todos e todas, que as pelexas sexan polos problemas do barrio e non entre as persoas.

Intervención 4: Intervén María del Pilar Rodríguez Venancio indicando que respecta o traballo de todo o mundo no barrio, entidades e persoas a título individual. Manifesta que se recibiron os correos coa convocatoria da asemblea tanto a nivel individual como a nivel de entidades. Lembra nesta intervención os cinco asuntos máis importantes do barrio:

- Soterrar as liñas de alta tensión.
- Mercado municipal.
- Carril bici.
- Aparcamento Auditorio.
- Saneamento da ría (lembra que este verano a praia estivo pechada).

Pide que as decisións sobre o barrio se tomen en asembleas como esta.

Intervención 5: Toma a palabra un veciño do barrio (José Luis) que, en primeiro lugar, agradece a presenza do Alcalde e demais membros da corporación, e subliña que é necesario crear unha atmosfera de convivencia entre as distintas opinións que conviven no barrio. Manifesta, tamén, que Caranza é un barrio maltratado e esquecido e que non se valoran as potencialidades do barrio por parte dos distintos gobernos municipais. Considera imprescindible que exista un bus ao Hospital Naval. Indica tamén que descoñece se por parte dos distintos grupos políticos existe algún proxecto sobre este barrio.

Intervención 6: Intervén un veciño do barrio para manifestar que houbo xente á que chamaron á casa para avisar desta asemblea, manifesta que a el non o chamaron e ten o carné número 900 de socio da A.VV. Subliña que no caso do mercado houbo división de opinións, uns apoian e outros non. As ideoloxías das entidades fan que se sitúen nun ou noutro sentido e moita xente emprega as asociacións como trampolín para a política e por iso ocorre o que ocorre.

O Alcalde toma a palabra indicando que a xente aínda coa publicidade non aposta pola participación. Subliña que a participación é algo máis que votar e non significa dinamitar o movemento asociativo. A participación é codecisión e cando vimos aquí o que debemos facer é dar conta e buscar consenso para as propostas do barrio. En relación co tema do mercado, este merece un debate participado e profundo e, en canto á execución das obras, a nosa idea é facelo por fases e segundo poidamos. Recollemos as vosas demandas e espero a próxima vez traer propostas concretas. O prioritario é axudar ás persoas que teñen necesidades, o que leva consigo mellorar os servizos sociais.

Intervención 7: Toma a palabra Jorge Juan Fernández Fontao, candidato á vicepresidencia da Asemblea de Barrio, para poñer de manifesto que os locais do mercado son pequenos, fríos e na parte traseira hai unha explanada inútil e, ademais, o acceso ao propio mercado é moi deficiente. Suxire que sería mellor que se fixera un centro comercial que axudase a dinamizar o barrio. En relación co paseo marítimo manifesta que ninguén o mantén e que os bancos están rotos e inaccesibles. Lébralle ao Alcalde que lle remitiu dúas cartas e que non recibiu contestación.

Tamén subliña que fai falta un colector de papel no mercado, que o carril bici está esnaquizado polas raíces das árbores e que as beirarrúas están rotas e inaccesibles. Pide un barrio limpo e iluminado. Tamén pide un parque para a veciñal 3, pois só existe unha pequena infraestrutura para nenos pequenos. Quéixase de que en Caranza non hai flores e as árbores as tallan e non as repoñen.

Intervención 8: Quéixase da situación das silveiras e da falta de colectores para a recollida de aceite.

O Alcalde intervén para indicar que o investimento previsto inicialmente para o mercado é de 2,1 millóns de euros e que nunha primeira fase acometeríanse só as obras da cuberta e de accesibilidade.

Intervención 9: Quéixase de que no xardín das Pías, diante do colexio, quitáronse as roseiras e hoxe só serve de aparcadoiro. Tamén se queixa da saída das Vivendas de Bazán e piden que se tomen medidas de tráfico nesta zona, pois resulta que está mal organizado o tráfico e resulta perigoso.

Intervención 9: Quéixase da problemática de Telleiras e pregunta se esta zona do barrio pertence ou non a Ferrol. Arranxouse Recimil, pero non hai partidas para arranxar as fochancas e as beirarrúas que está rotas. Tállanse árbores e noutras se podan.

Intervención 10: Toma a palabra novamente Ignacio, veciño do barrio, para manifestar que hai catro anos fíxose unha asemblea de barrio e saíron elixidas catro persoas e non soubemos nada mais, cortouse a participación cidadá. Pide as persoas que saían elixidas hoxe que teñan en conta isto e que, por favor, que existan as asembleas de barrio, que saíu un compromiso e un calendario.

Intervención 11: Intervén un veciño que manifesta que ten 44 anos e que leva 42 en Caranza e pide que se fale do problema das drogas e non dos drogadictos en Telleiras, manifesta que é xitano e que lle gusta falar e colaborar con todo o mundo, indicando que agora parecemos bichos raros e que el ten educación e respecto cara aos demais.

Intervención 12: Toma a palabra Luz M^a González Lago, candidata á Asemblea de Barrio e ao Consello da Veciñanza, para indicar que o señor que falou antes sobre o estado de Telleiras conseguíuse que se fíxeran as beirarrúas e agora os coches soben sobre elas, e suxire que se avise ó guindastre municipal. Tamén hai problemas cos gatos e coas ratas, así como co alumeado, vivendas baleiras e xente que pasa fame.

A continuación, dáse a coñecer á asemblea os resultados das votacións para a elección dos representantes do barrio na Asemblea de Barrio e no Consello da Veciñanza e que son os seguintes:

RESULTADOS DAS VOTACIÓNS PARA A ELECCIÓN DAS VICEPRESIDENCIAS DA ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Fernández Fontao, Jorge Juan (85 votos) González Lago, Luz María (1 voto). Nulos (7 votos). Branco (2 votos).
En representación de Asociacións	Rodríguez Venancio, María del Pilar (candidatura única, non se realizou votación).

Resultando elixidas para ocupar as vicepresidencias da Asemblea de Barrio de Caranza as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Fernández Fontao Jorge Juan
En representación de entidades	Rodríguez Venancio, María del Pilar (A.VV. Cuco Ruíz de Cortázar)

CANDIDATURAS REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
González Lago, Luz María Rodríguez García, Manuela Rodríguez Venancio, María del Pilar

A candidata Manuela Rodríguez García retirou a súa candidatura previamente a efectuar a votación, motivo polo que non é preciso efectuar o recuento, pois só quedan dúas candidaturas para cubrir os dous postos para representar a este barrio nese órgano de participación cidadá. Polo tanto, as representantes do barrio de Caranza no Consello da Veciñanza son:

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
González Lago, Luz María
Rodríguez Venancio, María del Pilar

Toma a palabra o concelleiro delegado de Participación Cidadá para informar dos próximos pasos a dar por esta concellería que son a celebración de dous foros cívicos, un de mocidade e outro da terceira idade, así como convocar no mes de decembro o Consello da Veciñanza. Incide, tamén, en que a asemblea de barrio dá vida ao debate e que o tema de elección de representantes é un trámite que temos que cumprir por esixilo así o Regulamento de Participación Cidadá. Remata agradecendo a asistencia a todos e todas.

María del Pilar Rodríguez Venancio pide que conste na acta as votacións e o número de votos de

todas as candidaturas aínda que unha persoa retirase a súa antes de iniciar a votación, pois entende que esta renuncia non se fixo de xeito legal.

Por último, toma a palabra o Alcalde subliñando que é preciso que nos axudedes e traballedes connosco e non en contra de nós.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 21:10 horas.

O Alcalde

O traballador municipal

Asdo. Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro